



PREGUNTAS MÁIS FRECUENTES Ó PROCESO DE REGULARIZACIÓN E RESPOSTA

Pregunta 1: ¿Cando remata o prazo para presentar solicitudes?

O 14 de novembro de 2012.

Pregunta 2: ¿Qué implica o feito de non aportar as baixas dentro do prazo que me require a administración ao abeiro do Real decreto 1081/2012?.

Que unha vez resolto o expediente e coa anotación das limitacións na folla de asento, se quero aportar baixas para levantar esa limitación, terei que achegar toda a diferenza de CV (ou GT) dende os datos orixinais ata os datos reais, é dicir, se “perden” eses 20 CV ou 1 GT, segundo o caso.

Exemplo, se unha embarcación ten 10 CV na folla de asento e 40 CV na realidade, ao abeiro deste proceso se lle requirirán 10 CV (10 CV que ten máis 20 CV que se agasallan son 30 CV); pero se non os aporta e dentro duns anos quere aportar baixas para podela vender, terá que aportar dende 10 CV ata 40 CV, é dicir, 30 CV.

Pregunta 3: ¿Qué limitación ten non aportar as baixas?

O Real decreto 1081/2012 desenvolve a modificación da *Ley 3/2001, de 26 de marzo, de Pesca Marítima del Estado* que se recolle na *Ley 35/2011, de 4 de octubre, sobre titularidad compartida de las explotaciones agrarias* polo tanto:

- Non se poderán vender, agás morte do titular ou incapacidade permanente ou transmisión inter vivos a fillos que non sexan titulares doutra embarcación pesqueira.
- Non poderán recibir ningunha axuda pública (directa ou indirecta)
- Non se poderán aportar como baixa
- Teránse que retirar da actividade pesqueira sen subvención.

Pregunta 4: ¿Se non aporto as baixas, podo cambiar co tempo o motor por un da mesma potencia ou por un de potencia inferior?

Sí, pero teríase que solicitar previamente á Consellería competente en materia de pesca, aínda que non se levantará a limitación indicada na resposta á pregunta 3 ata que non se acheguen as baixas que correspondan dende a potencia orixinal ata os datos reais anotados no seu intre.

Pregunta 5: ¿Quen ten que presentar e asinar a solicitude?

Todos e cada un dos propietarios deberán achegar e asinar a solicitude Anexo I e, se procede, a declaración responsable.

Pregunta 6: ¿Podo reducir a potencia da miña embarcación?.

Sí, en aplicación do artigo 4.4 Real decreto 1081/2012.

Pregunta 7: Se decido reducir a potencia cando faga a solicitude, ¿podo poñer un motor de segunda man?.



Sí, sempre que se teña a documentación do motor. Se aínda non se adquiriu, habería que presentar un compromiso de adquisición do motor asinado entre o comprador e o vendedor en substitución da factura pro forma.

Pregunta 8: ¿Cal é a tolerancia para o aporte de baixas?.

A tolerancia ven marcada pola norma, isto é, 1 GT (ou 0,8 GT se a embarcación ten máis de 10 m de eslora) e 20 CV, todo aquilo que exceda destas tolerancias haberá que esixirlle achegar baixas.

Pregunta 9: ¿Que documentación teño que presentar para achegar as baixas?.

Por cada baixa deberá presentar:

- Folla de asento certificada e actualizada onde conste a aportación como baixa.
- Certificación acreditativa do Rexistro Mercantil acreditativa da titularidade do buque e a ausencia de cargas e gravames.
- Certificación da Capitanía Marítima correspondente que acredite a actividade pesqueira do buque de 120 días, nos doce meses anteriores á presentación da achega como baixa ante o órgano competente.
- Compromiso de baixa en orixinal polo propietario do buque que se vai dar como baixa ante a autoridade competente polo que se compromete á inmoilización e retirada definitiva da actividade no prazo de tres meses dende a presentación da baixa.

Se o solicitante de regularización non é titular rexistral do buque achegado como baixa no compromiso de baixa deberá figurar a cesión de dereitos do buque que se vai retirar da actividade pesqueira a prol do solicitante de regularización, xuntándose documento acreditativo da liquidación do imposto de transmisións patrimoniais e actos xurídicos documentados.

Pregunta 10: ¿Qué sucede se o motor que teño agora e da mesma potencia pero dunha marca ou modelo diferente ao que presentei na regularización ao abeiro da Lei 9/2007?.

Neses casos excepcionais, nos que os interesados cambiaron o motor por rotura e non pediron autorización por non ter recoñecida a potencia, xunto coa solicitude deberán presentar un escrito que explique que motor teñen agora e polo tanto queren regularizar indicando xustificadamente porque fixeron o cambio.

Pregunta 11: ¿Qué implica que a embarcación teña unha resolución favorable á regularización?.

Que as características estruturais da embarcación estarán recoñecidas a todos os efectos. Os buques regularizados deberán permanecer de alta no Censo de Flota Pesqueira Operativa durante aló menos 2 anos para poderen ser aportados como baixa para unha nova construción ou modernización ou para percibir axudas á paralización definitiva.

Pregunta 12: ¿Dende cando empeza a computar ese prazo?.

Dende a anotación das dimensións regularizadas na folla de asento.



Pregunta 13: ¿Qué sucede coa substitución das embarcacións construídas ao abeiro da Orde do 79 que se regularizaran pola Lei 9/2007?.

Unha embarcación construída ao abeiro da Orde do 79 que se regularizara pola Lei 9/2007, transcurridos, aló menos, os dous anos de permanencia de actividade, poderase substituír por outra debendo cumprir os requisitos do Real decreto 2066/2004 (que regula a substitución das embarcacións da Orde do 79), e as medidas a considerar serán as anotadas tra-la regularización da Lei 9/2007.

Pregunta 14: ¿Qué sucede coa substitución das embarcacións construídas ao abeiro da Orde do 79 que se teñan que presentar á regularización ao abeiro do Real decreto 1081/2012 e aporten baixas?.

Unha embarcación que non se regularizara ao abeiro da Lei 9/2007 pero que ten a obriga de presentarse á regularización do Real decreto 1081/2012, se aporta baixas neste proceso e se regulariza, unha vez que transcurran os dous anos de permanencia de actividade, únicamente poderase substituír por outra, debendo cumprir os requisitos do Real decreto 2066/2004 (que regula a substitución das embarcacións da Orde do 79), e as medidas a considerar serán as anotadas tra-la regularización da Lei 9/2007.

Pregunta 15: Se a miña embarcación excédese do límite de potencia do Real Decreto 1549/2009, ¿qué sucede se me presento pero non quero reducir potencia?.

As condicións para presentarse están reguladas no Real decreto 1081/2012, a redución de potencia neses casos non é opcional, senón que o propietario deberá reducir a potencia. Polo tanto, presentarse nunhas condicións non recollidas neste Real decreto equivale a non ter presentada a solicitude, tendo os efectos que figuran na resposta á pregunta 15, é dicir, ser dado de baixa provisional no Censo de Frota Pesqueira Operativa.

Pregunta 16: ¿Qué sucede se teño que presentarme a esta regularización e non o fago?.

Segundo o artigo 113º da Lei 35/2011, os buques serán dados de baixa provisional no Censo da Frota Pesqueira Operativa, non podendo realizar actividade pesquera algunha.

Pregunta 17: ¿Qué sucede se unha vez presentada a este proceso, a resolución de regularización é desfavorable?.

Que se anotarán na folla de asento as limitacións indicadas na resposta á pregunta 3.

Pregunta 18: Que sucede se a miña embarcación é irregular e non se pode presentar a este proceso.

Terá que esperar á publicación da norma por parte da *Secretaría General de Pesca do Ministerio de Agricultura, Alimentación y Medio Ambiente*, que recollerá a posibilidade de regularizar estas embarcacións.